

OS XOGOS OLÍMPICOS



CEIP VILAXOÁN
2011/2012



ATENAS 1896

XOGOS DA I OLIMPIADA

Celebrados do 6 ao 15 de Abril de 1896

Participaron 241 deportistas (todos homes) de 14 países que competiron en 9 deportes e 43 especialidades.

Foron os primeiros Xogos Olímpicos da Era Moderna.



Jeux Olympiques



PARIS 1900



PARÍS 1900

XOGOS DA II OLIMPIADA

Celebrados do 14 de Maio ao 28 de Outubro de 1900

Participaron 1225 deportistas de 26 países que competiron en 20 deportes e 87 especialidades.

Non se realizaron cerimonia de apertura nin de clausura.




SAN LUIS 1904

XOGOS DA III OLIMPIADA

Celebrados do 1 de Xullo ao 23 de Novembro de 1904

Participaron 687 deportistas de 13 países que competiron en 18 deportes e 94 especialidades.

Nestes Xogos iniciouse a tradición de dar medallas de ouro, prata e bronce a os tres primeiros postos de cada proba.



LONDRES 1908


XOGOS DA IV OLIMPIADA

Celebrados do 27 de Abril ao 31 de Outubro de 1908.

Participaron 2035 deportistas de 22 países que competiron en 21 deportes e 110.

Londres organizou os Xogos debido a renuncia de Roma pola erupción do Vesubio

Nestes Xogos realizouse por primeira vez o desfile dos atletas participantes.



ESTOCOLMO 1912


XOGOS DA V OLIMPIADA

Celebrados do 5 de Maio ao 22 de Xullo de 1912.

Participaron 2547 deportistas de 28 países que competiron en 14 deportes e 102.

Nestes Xogos utilizouse por primeira vez o cronómetro e a foto finish





BERLÍN 1916

XOGOS DA VI OLIMPIADA

Estes Xogos Olímpicos nos se celebraron debido á I Guerra Mundial.




AMBERES 1920


XOGOS DA VII OLIMPIADA

Celebrados do 20 de Abril ao 12 de Setembro de 1920.

Participaron 2669 deportistas de 29 países que competiron en 22 deportes e 154.

Nestes Xogos realizouse por primeira vez o Xuramento de Atletas e foi izada a bandeira olímpica





PARÍS 1924

XOGOS DA VIII OLIMPIADA

Celebrados do 4 de Maio ao 12 de Setembro de 1924.

Participaron 3089 deportistas de 44 países que competiron en 17 deportes e 126.

Nestes Xogos utilizouse por primeira vez o eslogan Olímpico:

CITIUS **ALTIUS**
FORTIUS

(Mais rápido, mais alto e mais forte)

AMSTERDAN 1928

XOGOS DA IX OLIMPIADA

Celebrados do 17 de Maio ao 12 de Agosto de 1912.


Participaron 3014 deportistas de 46 países que competiron en 14 deportes e 109. especialidades.

Nestes Xogos realizouse por primeira vez o acendido do pebeteiro



LOS ÁNGELES 1932


XOGOS DA X OLIMPIADA



Celebrados do 30 de Xullo ao 14 de Agosto de 1932

Participaron 1332 deportistas de 37 países que competiron en 14 deportes e 117 especialidades.

Foi a primeira vez que se edificou a vila Olímpica para albergar aos atletas



BERLÍN 1936

XOGOS DA XII OLIMPIADA

Celebrados do 1 de Agosto ao 16 de 1936

Participaron 4.066 deportistas de 49 países que competiron en 19 deportes e 129 especialidades.

O atleta mais popular destes Xogos foi Jesse Owens que gañou catro medallas de ouro




HELSINKI 1940

XOGOS DA XII OLIMPIADA

Estes Xogos Olímpicos nos se celebraron debido á II Guerra Mundial.

A cidade de Tokio foi elixida inicialmente para a realización destes Xogos Olímpicos pero o inicio da Guerra chino - xaponesa obrigou a suspensión da súa organización, sendo elixida como substituta Helsinki.



NON
HAI
CARTEL
DESTES
XOGOS

LONDRES 1944

XOGOS DA XIII OLIMPIADA

Estes Xogos Olímpicos nos se celebraron debido á II Guerra Mundial.





LONDRES 1948

XOGOS DA XIV OLIMPIADA


Celebrados do 29 de Xullo ao 14 de Agosto de 1948

Participaron 4.099 deportistas de 59 países que competiron en 17 deportes e 136 especialidades.

Foron os primeiros Xogos transmitidos por televisión.

As probas de remo realizáronse no Támesis





HELSINKI 1952

XOGOS DA XV OLIMPIADA

Celebrados do 19 de Xullo ao 3 de Agosto de 1952

Participaron 4.955 deportistas de 69 países que competiron en 17 deportes e 149 especialidades.

No cartel destes Xogos empregouse a mesma imaxe que no cartel creado para os Xogos de 1940

A gran estrela foi Emil Zatopek que gañou as probas de 5.000 m., 10.000 m. e a maratón




MELBOURNE 1956

XOGOS DA XVI OLIMPIADA

Celebrados do 22 de Novembro ao 8 de Decembro de 1956.

Participaron 3.184 deportistas de 67 países que competiron en 17 deportes e 145 especialidades.

Comeza a tradición Olímpica na que os atletas de distintas nacións marchan xuntos na cerimonia de clausura no lugar de facelo cos seus equipos nacionais.




ROMA 1960

XOGOS DA XVII OLIMPIADA

Celebrados do 25 de Agosto ao 11 de Setembro de 1960

Participaron 5.348 deportistas de 83 países que competiron en 17 deportes e 150 especialidades.

Nestes Xogos cámbiase a orde das probas, déixase o atletismo para o final e comézase polas probas de natación. Esta orde mantense na actualidade.





TOKIO 1964

XOGOS DA XVIII OLIMPIADA

Celebrados do 10 ao 24 de Outubro de 1964

Participaron 5.151 deportistas de 93 países que competiron en 19 deportes e 163 especialidades.

O último relevo do facho olímpico realizouno Yoshinari Sakai de 19 anos chamado o "bebé de Hiroshima" por ter nado o día a traxedia de Hiroshima



MÉXICO 1968


XOGOS DA XIX OLIMPIADA


Celebrados do 12 ao 27 de Outubro de 1968

Participaron 5.530 deportistas de 112 países que competiron en 20 deportes e 172 especialidades.

Dick Fosbury gañou o salto de altura cunha nova técnica que agora é coñecida como estilo Fosbury

Enriqueta Basilio foi a primeira muller que prendeu o lume Olímpico





MÚNICH 1972

XOGOS DA XX OLIMPIADA

Celebrados do 26 de Agosto ao 11 de Setembro de 1972

Participaron 7.134 deportistas de 121 países que competiron en 23 deportes e 195 especialidades.

Mark Spitz gañou sete medalla de ouro nas probas de natación.

Foron os primeiros Xogos Olímpicos en adaptar unha mascota, o seu nome era Waldi (un can)



MONTREAL 1976



XOGOS DA XXI OLIMPIADA

Celebrados do 17 de Xullo ao 1 de Agosto de 1976
Participaron 6.028 deportistas de 92 países que
competiron en 21 deportes e 198 especialidades.


Nadia Comaneci, unha ximnasta romana de 14
anos foi a primeira en acadar a puntuación de
10,0 no seu exercicio de barras asimétricas. En
total obtivo sete puntuacións de 10,0

Amik

A mascota destes Xogos
foi o castor Amik



OLYMPIAD 80
MOSCOU MOSCOW MOCKBA



MOSCÚ 1980

XOGOS DA XXII OLIMPIADA

Celebrados do 19 de Xullo ao 3 de Agosto de 1980

Participaron 5.179 deportistas de 80 países que competiron en 21 deportes e 203 especialidades.

Por primeira vez un país comunista foi sede duns Xogos Olímpicos.

58 países negáronse a participar nos Xogos

A mascota destes Xogos foi o oso Misha



LOS ÁNGELES 1984

XOGOS DA XXIII OLIMPIADA

Celebrados do 28 de Xullo ao 12 de Agosto de 1984

Participaron 6.829 deportistas de 140 países que competiron en 23 deportes e 221 especialidades.

A mascota destes Xogos foi o un aguia calva, símbolo nacional dos Estados Unidos.

Walt Disney foi un dos seus deseñadores.





SEÚL 1988


XOGOS DA XXIV OLIMPIADA

Celebrados do 17 de Setembro ao 2 de Outubro de 1988

Participaron 8.465 deportistas de 159 países que competiron en 23 deportes e 237 especialidades.

As probas antidopaxe foron protagonistas destes Xogos xa que se descalificaron a sete atletas. A descalificación mais importante foi a de Ben Johnson .

A mascota foi Hodori que representaba un tigre lendario das tradicións coreanas.



BARCELONA 1992


XOGOS DA XXV OLIMPIADA

Celebrados do 25 de Xullo ao 9 de Agosto de 1992

Participaron 9.356 deportistas de 169 países que competiron en 28 deportes e 257 especialidades.

Foi a primeira vez que ningún país boicoteu os Xogos Olímpicos.

Cobi, un can deseñado por Mariscal foi a mascota destes Xogos





ATLANTA 1996

XOGOS DA XXVI OLIMPIADA

Celebrados do 19 de Xullo ao 4 de Agosto de 1996

Participaron 10.320 deportistas de 197 países que competiron en 26 deportes e 271 especialidades.

Nestas Olimpíadas non houbo deportes de exhibición.

A mascota destes Xogos foi Izzy, unha especie de sapo azul deseñado por ordenador.



SIDNEY 2000

XOGOS DA XXVII OLIMPIADA

Celebrados do 15 de Setembro ao 1 de Outubro de 2000.

Participaron 10.651 deportistas de 199 países que competiron en 28 deportes e 300 especialidades.

A atleta Cathy Freeman foi a primeira nativa en prender a lume Olímpico e a segunda muller en facelo.

Olly, Syd e Millie foron as tres mascotas dos Xogos australianos.



ATENAS 2004


XOGOS DA XXVIII OLIMPIADA

Celebrados do 13 ao 29 de Agosto de 2004.

Participaron 10.625 deportistas de 201 países que competiron en 28 deportes e 301 especialidades.

Os medallistas de cada proba recibiron unha coroa de loureiro polo seu significado na antiga Grecia e nos primeiros Xogos Olímpicos.

As mascotas destes Xogos foron Atená e Phevos




Athená Phevos



TM ©

ΑΘΗΝΑ 2004



PEKIN 2008

XOGOS DA XXIX OLIMPIADA

Celebrados do 8 ao 24 de Agosto de 2008.

Participaron 10.902 deportistas de 204 países que competiron en 28 deportes e 302 especialidades.

O estadio Olímpico recibiu o alcume de niño de paxaro pola súa estrutura.

Os Fuwa foron as mascotas que representaban a mensaxe de amizade, paz e boa vontade de China cara aos nenos e nenas de todo o mundo.





LONDRES 2012

XOGOS DA XXX OLIMPIADA

Celebraranse do 27 de Xullo ao 12 de Agosto de 2012.

Disputaranse 302 especialidades de 26 deportes.

Londres é a única cidade anfitriona de tres Xogos Olímpicos

Wenlock é a mascota destes Xogos e foi creada a partires das últimas gotas de aceiro da construción da última viga de apoio do Estadio Olímpico



Wenlock